

CONCILIACION BRION 2022

Actividades municipais de conciliación

Adecuación da actividade á COVID-19
Medidas de hixiene e protección
Actuación en caso de emerxencia



Concello de **Brión**
www.concellodebrion.org

PROTOCOLO DE ADECUACIÓN DA ACTIVIDADE Á COVID-19

Co fin de cumprir coas recomendacións e medidas para o desenvolvemento das actividades de lecer e tempo libre das autoridades sanitarias, este ano as actividades terán certas características diferentes a anos anteriores.

GRUPOS:

- As actividades desenvolveranse en grupos de 10 persoas, con un/ha monitor/a encargado/a da actividade. Este número pode variar en función do establecido polas autoridades sanitarias.
- Cada grupo rotará cada día por 3/4 actividades diferentes, facendo unha parada a media mañá para tomar a merenda.

ACTIVIDADES:

- Faranse actividades por grupos reducidos e as actividades do grupo completo realizaranse en espazos amplos que permitan o distanciamento.
- Priorizaranse, sempre que sexa posible e o tempo o permita, as actividades ó aire libre, tanto na propia instalación como nos arredores.
- A chegada e saída das instalacións farase de xeito escalonado. No caso de coincidir dous ou máis participantes, deberán manter a distancia de seguridade de metro e medio na cola de agarda.
- No local cada rapaz/a terá asignado un lugar para deixar as súas cousas separado do dos outros participantes.
- Na ludoteca haberá un espazo delimitado para cada grupo de rapaces/as.
- En todo momento se tentará manter a distancia mínima de 1.5 metros entre as persoas pero, sendo conscientes de que en actividades de tempo libre isto é moi difícil, en caso necesario utilizaranse as mascarillas no desenvolvemento das actividades. Na programación das actividades tense en conta esta circunstancia e procúrase que sexan actividades máis individuais nas que se facilite o distanciamento.
- En todo momento se cumprirán as indicacións do coordinador COVID-19 no que ó cumprimento das medidas hixiénico-sanitarias se refire: distanciamento, uso de mascarillas, uso de panos desbotables, limpeza do material, uso de auga e xabón ou xel hixienizante á entrada e saída de cada actividade, ventilación, etc.

MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN

Medidas e recomendacións hixiénico-sanitarias que deben asumir as persoas, así como as que deben ter as instalacións e espazos onde se desenvolva a actividade:

MEDIDAS PERSOAIS:

- A recepción e recollida dos rapaces/as será na propia instalación. Os rapaces/as virán **acompañados/as só por unha persoa e ambos/as traerán posta a mascarilla**. En caso de coincidir varias persoas deberán manter a distancia de seguridade de metro e medio entre uns e outros na fila de agarda.
- Tomaráse a temperatura antes de entrar na actividade, así como ao longo da mañá e á saída.
- En todas as dependencias haberá auga e xabón e/ou botes de xel hidroalcohólico para uso de monitores/as e rapaces/as, sendo obrigatorio a súa utilización tanto no momento da entrada como da saída. Asimesmo será obrigatorio antes e despois das comidas e despois de ir ó baño.
- O primeiro día da actividade farase cos participantes unha dinámica lúdico-formativa para coñecer os protocolos que teñen que seguir na actividade.
- Manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible, procurando realizar actividades nas que se facilite este distanciamento.
- De non ser posible manter a distancia de metro e medio entre uns e outros, utilizarase a mascarilla persoal. Cada participante deberá traer a súa propia (mínimo dúas para cada día).
- Utilizaranse, en caso necesario, panos desbotables. Cada participante deberá traer os seus propios paquetes, en cantidade suficiente para toda a actividade.
- Procurarase non utilizar o material de xeito conxunto. En caso necesario, este material desinfectarase posteriormente ó seu uso e antes de que se volva utilizar.

MEDIDAS NAS INSTALACIÓNS E ESPAZOS:

- Instalaranse dispensadores de xel en todos os espazos comúns.
- Procederase á desinfección de todo o material e equipamento empregado polos participantes antes dun novo uso.
- Ventiláranse de xeito continuo os espazos pechados.
- Ó remate de cada día e antes de empezar a xornada seguinte, procederase á limpeza a fondo e desinfección de todos os espazos que se utilicen na instalación.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

En caso de emerxencia provocada pola posible aparición dun caso de COVID-19 actuarase segundo o establecido neste protocolo.

PERSOA RESPONSABLE OU COORDENADORA COVID-19:

Coordinador/a do campamento.

FUNCIÓNS:

Será a persoa responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento. Esta será a encargada de contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade correspondente se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.

PROTOCOLO:

Ante a manifestación de síntomas relacionados co COVID-19 por parte dos nenos e nenas participantes na actividade

1. Tan pronto se noten síntomas será necesario comunicar esta circunstancia ao monitor/a encargado/a do grupo.
2. O rapaz/a que presente este tipo de síntomas será trasladado/a a un lugar separado dos outros participantes, no que deberá permanecer illado e coa máscara cirúrxica posta.
3. Unha vez confirmados os síntomas, contactarase co número de teléfono 900 400 116, ou 061 no caso de existir sintomatoloxía severa, para trasladar toda a información do caso e esperar instrucións.
4. Avisarase ao pai/nai/titor legal do rapaz/a, aos que se terá informados do avance da situación, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.
5. O monitor/a encargado/a do grupo no que estivese o rapaz/a, en colaboración co coordinador COVID19, encargarse de revisar ós outros membros do grupo do neno/a posible afectado/a, co fin de facilitar a actuación da Xefatura Territorial de Sanidade e seguindo sempre as súas instrucións.
6. Mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19, procurarase que os outros rapaces/as do grupo teñan a menor interacción posible co resto dos participantes.

En todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.

Estes protocolos poden variar ó longo da actividade dependendo da evolución da COVID-19 e das recomendacións das autoridades sanitarias.